Public 5A

Suplemento n.º 25 de

NÓS.

BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Adeministrador
ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN: OURENSE

ADEMINISTRACIÓN: A CRUÑA

SUMARIO

DIVAGACIÓS ENGEBRISTAS

por JOHAN VICENTE VIQUEIRA †

Agasallo de

NÓS, Pubricazóns Galegas e Imprenta
Linares Rivas, 50 A Cruña

A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral no día de mañá

No diario aseo dos seus nenos emplee o

Jabón Sales de la Toja

ùnica que âs suas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e prefume d'un xabón de tocador. Contribuie ô perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

1 pta.
Pastilla

JABÓN

La Toja

Unico en el mundo

O "Xabón da Toxa" ademais de ser o mellor é un producto galego que nos honra no mundo enteiro

SUPLEMENTO GRATUITO DE NÓS

1930 NADAL — FASCÍCULO XXV

Divagaciós engebristas

por JOHAN V. VIQUEIRA †

(Continuación do Fascículo anterior)

A humanidade, para cumprir todas as promesas que leva en potencia (pois antes de ser ¿onde jaz?) desfai-se en naciós. Ja a vida precisa, para ser, do principio de individuación, ou seja, de ser como individuo ou concreciós de individuos. O mesmo principio é o da evolución humá, que tamén é cósmica, é decir, unha parte do proceso universal.

Como vedes, o meu nacionalismo ten unha base cósmica e metafísica. A humanidade desfai-se en naciós, porque precisa orgos. As naciós son, pois, orgos da humanidade. Elas fan todo o que é facedoiro en cada tempo. Non nun momento de tempo, senón no se sucederen dos tempos.

Poemas da vanguardia

De Catro a Catro

por Manuel A[illegible]onio.

E aquí tamén, cada unha ten sua misión; e cando a sua misión fina, morre! Mais a misión de Galicia chega e por esto rejurde. S'é lei o se desfacer a humanidade en naciós, é preciso por esto s'oporen entre si as naciós; d'eiquí os conflictos por veces, chegando até o sanguiñento, até as duras verbas e os exclusivismos.

Mais a humanidade non pode ficar aquí na sua marcha; ten que ir alen, porque no seu seo radica a saudade d'armonía. A contraposición na multiplicidade das naciós ten-se que resolver n'unha nova unidade. ¿E qué pode ser esta unidade? Fixadevos ben e sera-vos evidente: esta unificación non ha ser mais que a volta de todas as naciós ao seo da humanidade mesma. Mais estas naciós non poden deixar o seu ser, pois régen-se pola lei suprema da individualidade (todo o que é, é como indivíduo) ¿Como voltar pois ao seo humán? Creando unha nova individualidade superior: a humanidade mesma, armonía das diversas naciós.

Un exemplo o tedes no individuo humán. Un home que se desenvolve tamén históricamente non pode ser mais que como individuo, como tal home concreto, no seu individualismo, pol-o decer asín. El ten que ser tal ou cal individuo, non pode ser nen seu pai, nen seu irmao, nen seu amigo; nen aínda o amante, se non pode facer un sô ser c'a sua ben amada! (Os amantes quixeran ser so-

Non deixe de mercar

Orballo da media noite

Poesías por ROBERTO BLANCO TORRES

mente un, con duas almas. E con duas almas, porque con unha, ou tristura, non poden vivir). Ser individuo é ser, e lei de ser; ¿mais como sae o indivíduo de sí mesmo, deste seu isolamento que ja âs veces lle doi? ¿É deixando de ser o seu propio ser? Non; é sendo él craramente. Nas mais grandes críses, nas mais grandes oposiciós, sinte o seu atage ideal c'os outros. E erguendo-se sobre sí, entrando en relaciós c'os outros, forma unha realidade superior; fundamentalmente na nación nacería primeiramente, despois na humanidade. E asín como o indivíduo a nación, que tamén é, procede. E non podo entreterme mais nesto.

Resumindo: o descompoñimento en naciós é un momento capital no proceso da humanidade, porque a nación é orgo da humanidade neste proceso. A nación é, pois, esencial.

Por esto pode calqueira juntar en si mesmo o universalismo e o nacionalismo, e, sendo nacionalista, facer sua, con todas as suas consecuencias, a sentencia antiga de Democrito que dí que «a patria de un alma nobre e o mundo enteiro». Por eso pode-se ser universalista (porque en calqueira momento da evolución espirítual se descobre a humanidade) é nacionalista ao mesmo tempo, nun senso infindo o ontológico, en canto recoñece-se preciso para a humanidade se facer en naciós, en proceso infindo, para cumprir a sua obra. D-este

Adequira

Vaosilveiro

novela por Gonzalo López Abente.

geito é-se nacionalista primeiramente en Galicia, mais despois tamén en Irlanda, Polonia, Egipto, en Finlandia ou Letonia, pois a alma, recorrendo o mundo, entende necesariamente cada nación. Tamén eiqui ten a sua explicación o feito que ao mesmo tempo que co'a guerra actual jurdían tantas novas naciós no mundo, se acentuase o movimento internacionalista. Nación e humanidade son termos correlativos.

Este é o nacionalismo cósmico e metafísico que vejo eu na obra de Castelao: Galicia ten que ser, debe ser, porque é un momento esencial no progredir da humanidade.

Mais non abonda c'unha posición negativa. Mais non abonda c'unha afirmación exclusiva. Temos que dar un paso mais adiante. Este paso é de síntesis, d'armonía: este paso é un paso para a outra vez o seo da humanidade. Porque, supoño que ja vos teredes decatado, o nacionalismo non é, politícamente, separatista; según os seus principios mesmos filosóficos o nacionalismo, frente a todo separatismo, é unionista. Toda nación hácha-se comprendida no seo da humanidade. Mais antes de chegar a esta sua comprensión suprema, a esta sua organización suprema (organización que eu presinto non sô como política, senon como ideal), pode entrar n'outros enlaces unha nación, por novos atages, podíamos decir

Obra póstuma de Amado Carballo

O GALO

Libro-homenaxe. 3 ptas.

históricos, que a obrigan. Jurde entón o nexo federativo, e como as naciós se complementan na humanidade, comenza a sua complementación históricamente necesaria, nas federaciós. De maneira que a estridencia nacionalista resolve-se, como un acorde disonante, n'unha consonancia federalista. No caso concreto de que tratamos, no caso de Galicia, n'unha federación ibérica, mais grande, mais fecunda, que esta unidade de forza (ja ben vella) que se chama o reiño unido de Castela e Aragón, feita no século XV pol-os Reis Católicos, que mais val esquecer nesta terra que eles asovallaran!

VI

NACIONALISMO E ARTE

Por outra parte, o nacionalismo, sendo evolución, é-o pol-o tanto de produción: é fonte da productividade estética. Supondo un home músico, d'alma música (é decer, no senso anterior da nosa alma) facéde-lle traballar no arte contra da sua propia lei e individualidade, facéde-lle proceder épicamente (no noso senso). ¿Qué jurdirá? Nada de valimento. Considerade agora un povo na sua totalidade; facéde-lle proceder, por falla de cultura ou por outro motivo somellante, imitativa-

Púxose a venda

Arredor de sí

Novela por R. OTERO PEDRAYO

mente, fora da sua persoalidade. ¿Que jurdirá? Obras de segundo orde. (Por desgracia temos tantas na nosa terra!) É por esto que a historia fala sempre en favor do artísta que comprendeu o seu propio ser ou o artísta de raza. Exemplos hai tantos que non teño tempo para os citar. Constituin eles a historia do arte nos seus momentos capitaes. Exporei-vos somente algúns contemporáneos e que todos coñecedes: Mistral hachou a alma de Provenza e escribíu en provenzal de maneira que foi, según dín ja en Francia, o mellor do mellor. Ibsen, tan lido e relido ja hoje, ¿donde trai a sua fama mais que do descobrimiento da alma noruega? Pode-se decer o mesmo do sueco Strindberg, por desgracia tan pouco coñecido e traducido entre nós. E como derradeiro caso: Rabindranaht Tagore, o poeta mais universal d'os nosos días, o admirado no mundo enteiro, o grande entre os grandes, ¿quen é? Un bengalí e que escribe en bengalí, unha nobre língoa da India que cuase ninguén entende en Europa; un bengalí con toda sua alma, que até non mira con mui bons ollos as cousas d'Europa. E iste poeta chega ja, na sua fama, a ter un posto nas historias da filosofía (sobre d'él acaba de s'escribir un libro agora que

Vai aparecer a 2.ª edición de

Cincoenta homes por dez reás

e do Primeiro libro de COUSAS

por CASTELAO

expón o seu pensamento filosófico) ¿Que fixo Rabindranath? Descubríu a alma india, descubríu o seu propio ser e, co'a fortaleza artística necesaria, cantoun-a nos seus versos.

E o mesmo caso o tendes no nunca d'abondo admirado Castelao. El tamén, o primeiro entre os pintores nosos, chegou ao fondo na nosa alma e soubo darlle o contorno que lle facía falla. Craro que non abonda mirar, ollar e indagar; fai falla ter talento, ter alma especial, ser poeta ou pintor. Mais tampouco esto abonda sen o outro. Castelao volveu sobre a sua raza e con un raro talento hachou un camiño. Mestre ja para os que veñan, quedará na nosa historia galaica como un criador e como un modelo. Modelo para todos os outros: de esforzo, traballo, procedimento e energía para desceren ao mais fondo da nosa alma galega.

VII

SAUDO AOS ARTISTAS

Eu que falo por primeira vez de arte na miña terra non quero deixar de saudar desde esta tribuna aos artistas galegos. Recibide pois o meu mais fraternal saudo: pintores que poñedes sobor do lenzo a admirable policromía de Galicia, o verde de prados e boscos, o azul de rías e mares,

A MORTE DE LORD STAÜLER

Drama, por Alvaro das Casas.

o amarelo de toxos e nabals, o roxo das mais por min amadas flores, as queiroas, os grises azuados da noite e a chuvia d'ouro fecundante do día, as brétemas enmeigadas; escultores, arquitectos, para quen eu pido un pouco máis d'amor as cousas da nosa arquitectura popular; poetas que extendedes no futuro ilimitado a fama do noso lirismo.

De vós todos, vaia cada un pol-o seu camiño, traballe cada un según seu ideal. É ista a maneira única de hacharmos o verdadeiro carreiro para a criación de mañá. Mais que entre todos nós, amantes do arte, exista unha comunión ideal que faga a nosa obra fecunda, que faga que ningún esforzo se perda, que produza ajuda para o que comenza e para o que traballa. E asín, os esforzos de uns e outros, se entretecendo, chegarán a criar ben agiña unha escola galega. Porque nunca houbo tanto artísta de talento como hoje. E non me refiro somente os que trunfaron ja e levaron o noso nome mais aló das fronteiras; refirome tamén aos que aínda comezan, aos que debemos ajudar, porque entre istes existen homes de gran valimento (eu estou certo) que serán o día de mañán precursores de novas vías para o arte. Eu dende aquí, co'a minha homilde palabra, quixera dar-lles azos para a loita, quixera dar-lles ánemo para, por riba de todas as contrariedades, segui-

Xa apareceu

CANTIGAS E VERBAS AO AR

Poesías por Xulio Sigüenza

ren fiés ao seu temperamento; cultores no seu peito de todas as rebeldías d'artistas.

Nunca a vida espiritual de Galicia latejou con tanta forza, nunca houbo sinaes tan non enganosas d'unha definitiva renascenza da nosa vida inteira, nunca veillos e mozos s'atoparon tan dicididamente no ideal redentor da terra escrava. Non hai que deixar pasar a ocasión; hai que ir a ela con plena consciencia, hai que ir a ela no arte e en todo, hai que ir a ela co'a mais grande ledicia! Para loitar, para vencer, para c'un optimismo infinido facer sobre das ruinas da nosa patria, a nova, inmensa, prodigiosa Galicia que mora nas saudades dos nosos peitos.

¡Si—poeta amigo—os tempos son chegados!

DIÁLOGO TRASCENDENTAL

—Mais ¿qué queredes vos?

—Queremos convertir a Galicia d'un arrabal nun centro; facer que teña vida propia, grande, inmensa; que chegue a ser unha lumarada espiritual acesa alumeando o mundo enteiro.

—¡Obra grande! Mais ¿cómo?

Nova obra de Euxenio Montes

Versos a Tres Cás o Neto

Volume XXXVII de NÓS 3 pts

—Para as grandes almas son as obras. ¿Cómo facel-o? Co noso esforzo, que non debe conocer límites; coa nosa vontade, para quen deben ser as tarefas infinitas: co traballo e a disciplina de todo o noso ser. ¡O porvir é para os que saben conqueril-o!

—¡Vaguedás! Falade en concreto. ¿Cómo servir á vosa causa?

—Sirve a Galicia o que aproveita un salto de auga, o que fai froitificar dobremente un campo; o que crea unha compañía de navegación; o que escribe un poema, pinta un cuadro, abre unha escola, fai cencia...

O home mais simple, o mais pequeno de espírito, cando na sua acción pensa n'aquel pobo que un día rexurdirá na beira do Atlántico como un novo lumiar, será grande e sentiráse grande. E todo esto tendo sempre presente o fin d'unha Galicia nova, porque ¡ai do que queira vivir egoístamente por sí e para sí! Morrerá e está de feito ja medio morto. ¡O egoísmo é o pai da morte!

—De maneira que o noso ideal...?

—¿O noso ideal? Un pobo culto, nobre, traballador, creador do mais alto que exista, n'unha terra fecunda; unha inmensa perspeitiva de searas e bosques, de talleres, de portos, de poesía, de cencia, de ideal...

Esa é a nosa Galicia do futuro.

A millor historia do século pasado

Os Camiños da Vida

por Otero Pedrayo.

POL-A REFORMA ORTOGRÁFICA

I

Teño unha razón fundamental contra a ortografía fonética: admitindo-a apartariamo-nos do mundo lingüistico inteiro. E isolarse é morrer! Ningunha língua escríbe-se fonéticamente. Sobre todo isolariamo-nos do portugués. O galego, non sendo unha língua irmá de *portugués senon unha forma do portugués* (como o andaluz do castelán), ten-se que escribir pois como portugués. Vivir no seu seo e vivir no mundo! e vivir sendo nós mesmos!

II

Escribindo c'a nosa ortografía etimológica admitida pol-a nosa Academia) escribimos cuase como en portugués. Mais esta ortografía é díficil ja que o galego non se ensina na escola. Basándose da ortografía etimológica, pódese facer unha ortografía popular moi próxima a erudita ou propiamente etimológica e ademais práctica. Desta maneira:

O MARISCAL

Segunda edición. **Unha peseta.**

1) X será sempre o sonido doble c s; asín; éxito igual ecsito.

2) Ge gí e ja, je, jo, jí, ju (e dicir g e j) serán sempre a actual x simple; asín xente escribira-se gente, e xa ja. G e j usasan-se polo demais como g e j castelás (uso daprendido na escola).

III

A diferencia de esta ortografía c'a erudita estará na x. Este por que queira poderase usar etimológicamente de maneira pura.

IV

O único problema díficil da nosa ortografía é o do X. G. J. Co'a miña solución creo que pode prácticamente quedar resolto

V

En resume: a ortografía fonética é a morte da nosa língua; a ortografía etimológica é a sua vida cada vez mais grande. E pol-a derradeira e díficil, cheguemos â solución conciliante que eu propoño.

JOHAN V. VIQUEIRA

O porco de pé

por Vicente Risco.

Imp. NÓS - Linares Rivas, 50 - A Cruña

Banco Pastor

Antes Sobriños de José Pastor

(Casa fundada en 1776)

Capital suscrito . . . Ptas. 17.000.000
Id. desembolsado . » 11.000.000
Fondo de reserva . . » 4.500.000

Casa Central: A CRUÑA

Sucursales:

BARCO DE VALDEORRAS, CARBALLIÑO, CARBALLO, O FERROL, A ESTRADA, LUGO, MELIDE, MONDOÑEDO, MONFORTE, MUXIA, NOIA, OURENSE, ORTIGUEIRA, PADRON, POBOA DO CARAMIÑAL, PONTEDEUME, RIBADAVIA, RIBADEO, SARRIA, VIGO, TUY, VERIN, VILLALBA, VIVEIRO, RUA PETIN, VIMIANZO, PONTEAREAS CEDEIRA e CHANTADA

CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

Â vista.	$2^1/_2$ % anual
A tres meses	3 % »
A seis meses	$3^1/_2$ % »
A un ano	4 % »

CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ô $3^1/_2$ % anual

Contas correntes en moneda extranxeira

Intreses a convir

Venta de xiros sobre tod'o mundo, especialmente América

NÓS Pubricazóns Galegas e Imprenta

LINARES RIVAS 50 **A CRUÑA**

OBRAS EN VENTA:

O Galo, por Amado Carballo.—**Margarida a da sorrisa d'Aurora,** por Correa Calderón.—**De Min pra Vós,** por Ricardo Carballal.— **Conto de Guerra,** por Camilo Diaz Baliño.—**A Fiestra Valdeira,** por Rafael Dieste.—**Esteibo,** por Xoxé Lesta Meis.— **Vaosilveiro,** por Gonzalo L. Abente.—**De Catro a Catro,** por Manuel Antonio.—**Como falan os Brañegos,** por Noriega Varela.—**Os señores da Terra; A Maorazga; O Estudante; A Lagarada; Arredor de sí,** por Ramón Otero Pedrayo.—**Grabados en Linoleum,** por Xaime Prada.—**A tola de Sobrán,** por Porto Rey.—**O Bufón d'El Rei; O porco de pé; Metodología de la Historia,** por Vicente Risco.—**Cantigas e verbas ao âr,** por Xulio Sigüenza.—**Tríptico Teatral,** por Villar Ponte (A).—**Historia Sintética de Galicia; Doctrina Nazonalista,** por Villar Ponte (R).—**A volta do Bergantiñan,** por Xesús San Luís Romero.—**Segundo libro de Cousas; Cincuenta Homes por dez reás,** por Castelao.—**O Mariscal,** por Villar Ponte e Cabanillas.—**Arquivos do Seminario d'Estudos Galegos,** (Tomos I I ô V.—**As Eglogas do Virxilio,** tradocidas ô galego por A. Goméz Ledo.—**Abellas de Ouro,** por Xosé Lesta Meis.—**A Morte de Lord Staüler,** por Alvaro das Casas.—**Versoe a tres cás o neto,** por Euxenio Montes.—**Nemancos,** por Gonzalo L. Abente.—**Orballo da media noite,** por Roberto Blanco Torres

---

NOS, pubricará axiña:

De esto y de lo otro, por Roberto Blanco Torres.—**O derradeiro amore,** novela orixinal de Aurelio Ribalta.—**Contos,** por Ken Keirades.—**Vieiros,** (poesías) por R. Carballo Calero.—**O Abade Mouriño,** novela por M. García Paz.—**Beiramar,** drama por Armando Cotarelo

---

Calzados SENRA Gran Fábrica

A CRUÑA — FERROL — VIGO